

ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL MELIDE

Establecemento prezo público - viveiro de empresas do Concello de Melide

EDICTO

Unha vez acordado pola Xunta de Goberno Local do 2/06/2016 o establecemento do prezo público seguinte:

Nº 28.4.- PREZO PÚBLICO VIVEIRO DE EMPRESAS CONCELLO DE MELIDE

ARTIGO 1.- Fundamento e natureza.

No uso das facultades conferidas polo artigo 106.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e artigo 127 do R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, e de conformidade co disposto nos artigos 41 a 47, ambos inclusive, do R.D.L. 2/2004, establécese o prezo público polo uso dos servizos do Viveiro de Empresas de Melide, que se rexerá polo establecido nesta Ordenanza e na Xeral de Prezos Públicos.

ARTIGO 2.- Concepto.

Os prezos públicos regulados nesta Ordenanza constitúen a utilización dos servizos, así como a ocupación das oficinas ou despachos do Viveiro de Empresas de Melide.

É obxecto deste prezo público a utilización e aproveitamento dos despachos e servizos do viveiro de Empresas polos usuarios e polo prazo de tempo establecido na autorización correspondente, e de acordo co establecido na normativa reguladora do Viveiro, así como a prestación dos servizos inherentes ao Edificio Multiusos, como son subministración de auga, calefacción, enerxía eléctrica, evacuación de augas residuais e servizo de limpeza de espazos comúns.

Neste prezo inclúese o estudo e análise de proxectos así como o asesoramento xurídico empresarial.

Non se incluírán nos servizos que se prestan as comunicacións telefónicas, material de oficina, o servizo de fax e/ou o de fotocopiadora, que correrán por conta do usuario.

No suposto de utilización das salas de xuntas, salas de formación e demais espazos comúns rexeranse pola Ordenanza fiscal número 21, reguladora das taxas pola prestación de servizos e uso das instalacións deportivas e culturais do Concello de Melide.

ARTIGO 3.- Obrigados ó pago.

Están obrigados ó pago do prezo público establecido nesta Ordenanza os usuarios/beneficiarios dos servizos e instalacións do Viveiro de Empresas de Melide.

No caso da utilización e aproveitamento dos despachos, espazos e servizos do viveiro de empresas, as persoas físicas, xurídicas, agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, as sociedades civís, comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, aínda carecendo de personalidade xurídica, poida levar a cabo proxectos empresariais que poidan ser obxecto de autorización para a súa instalación dentro do dito centro, e que resulte adxudicataria dos despachos ou dos postos que se poñen á súa disposición conforme ás normas e procedemento establecidos na súa normativa reguladora.

ARTIGO 4.- Tarifa.

As Tarifas as que se refire o artigo anterior estrutúranse do xeito seguinte:

Para o caso de utilización e aproveitamento dos despachos e servizos do Viveiro Municipal de Empresas que resulten adxudicatarias dos locais que se pon á súa disposición conforme ás normas e procedemento establecidos na normativa reguladora do viveiro, o importe mensual será o seguinte para cada un dos locais obxecto de cesión: 90 €/mes.

En todo caso, ao importe das tarifas establecidas aplicaráselles o Imposto sobre o Valor Engadido correspondente de acordo coa lexislación vixente, e a Ordenanza Xeral de Prezos Públicos.

No caso de que o inicio da ocupación non coincida co inicio do mes, prorratearase o importe da mensuralidade segundo os días efectivos de ocupación, considerando os meses de 30 días naturais.

ARTIGO 5.- Normas de xestión.

1.- As persoas ou entidades interesadas na ocupación das oficinas ou despachos regulados nesta ordenanza, deberán solicitar previamente a correspondente solicitude de acordo co establecido na Ordenanza Reguladora do Viveiro de Empresas de Melide, no Rexistro Xeral do Concello.

Unha vez concedida a ocupación, practicarase a oportuna liquidación e se notificará ó interesado segundo o previsto no art. 102.1 e 102.2 da Lei Xeral Tributaria.

Esta liquidación inicial se acumulará ao mes seguinte da ocupación, de maneira que o interesado ingresará o primeiro mes ou a parte proporcional que lle correspondera máis o 2º mes de ocupación.

2.- Os servizos técnicos deste Concello comprobarán e investigarán as declaracións formuladas polos interesados, concedéndose as autorizacións de non encontrar diferenzas coa petición formulada

3.- A obriga do pago do prezo público regulado nesta ordenanza nace:

1) Tratándose de concesións de novas ocupacións dos despachos:

O día 1 do mes para o cal se solicita a ocupación, e no caso de non coincidir co inicio do mes natural, dende o día da sinatura do contrato.

2) Tratándose de ocupacións xa existentes, o día primeiro de cada un dos períodos naturais de tempo sinalados na tarifa.

4.- Tratándose de ocupacións xa autorizadas e prorrogadas, unha vez notificada a liquidación de alta, serán incorporados a un Padrón, que conterá os datos necesarios para a correcta xestión do prezo público.

5.- Para conseguir un eficaz funcionamento da xestión deste prezo público polo Servizo de Xestión Tributaria e facilitar a ocupación aos titulares dos despachos, estes deberán facilitar ao Concello na solicitude inicial os datos bancarios para a domiciliación do pago das respectivas cotas nas súas respectivas contas bancarias.

6.- O ingreso efectuarase mediante cargo bancario nos primeiros días de cada mes por anticipado á ocupación, coa salvedade expresada no caso do inicio da actividade.

7.- ALTAS: As cantidades esixibles con arranxo ás tarifas liquidaranse por cada ocupación solicitada ou realizada prorrateándose por días no caso exclusivamente de inicio de actividade no despacho por 1ª vez e considerando os meses de 30 días naturais.

8.- BAIAS: A presentación da baixa deberá realizarse por rexistro de entrada no Concello e producirá efectos no mes seguinte á súa presentación.

Sexa cal sexa a causa que se alegue en contrario, a non presentación da baixa determinará a obriga de continuar aboando o prezo público.

9.- Unha vez autorizada a ocupación dos despachos nas condicións especificadas no acordo municipal, estas entenderanse prorrogadas para os exercicios posteriores sen necesidade de efectuar novas solicitudes, facturándose o prezo público pola tarifa vixente en cada exercicio.

ARTIGO 6.- Infraccións e sancións.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias así coma das sancións que as mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 181 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

O presente prezo público entrará en vigor de acordo co sinalado na Ordenanza xeral de prezos públicos e no TRLFL logo da súa publicación no BOP e no taboleiro de edictos do Concello.

Acórdase a súa publicación para xeral coñecemento.

Melide, 2 de xuño de 2016

A alcaldesa

Dalia García Couso